

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24 DE ABRIL DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte minutos do día vinte e catro de abril do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 15 DE ABRIL DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de abril de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención da Sra. concelleira, Varela Corbelle, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 15 de abril de 2019.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 12 de abril de 2019, da Xunta Electoral de Zona da Coruña, relativo á designación dos lugares públicos e locais oficiais para a realización de actos de campaña electoral, con motivo das eleccións ao Parlamento Europeo e Eleccións Locais, convocadas polo Real Decreto 206/19, do 1 de abril e o Real Decreto 209/19 do 1 de abril, respectivamente. BOP núm. 73 do 16-04-2019.
- Anuncio do 24 de abril de 2019, da Xunta Electoral de Zona da Coruña, relativo ás candidaturas ás Eleccións Locais convocadas por Real Decreto 209/19, de 1 de abril. BOP núm. 77 do 24-04-2019.

- Acordo do 12 de abril de 2019, da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, polo que se aproban as bases específicas do "Programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para a realización de actividades en materia de medio ambiente durante o ano 2019. BOP núm. 73 do 16-04-2019.
- Resolución do 11 de abril de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa Rede Cultural 2019. BOP núm. 73 do 16-04-2019.
- Anuncio do 11 de abril de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da convocatoria para a concesión de subvencións municipais destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do término municipal de Culleredo. BOP núm. 73 do 16-04-2019.
- Anuncio do 16 de abril de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á normativa e ordenanzas do Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino. BOP núm. 76 do 23-04-2019.
- Anuncio do 10 de abril de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 8 de abril de 2019 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 77 do 24-04-2019.
- Anuncio do 12 de abril de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia, na concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre S.Q.L. e J.M.Y.Y. o día 12 de abril de 2019 ás 19.00 horas. BOP núm. 77 do 24-04-2019.
- Anuncio do 12 de abril de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia, na concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre S.R.M. e A.C.M. o día 13 de abril de 2019 ás 19.30 horas. BOP núm. 77 do 24-04-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
12/04/19	584	Conceder o servizo municipal de axuda no fogar.	M. L. V. e A. R. G.	Cinco horas á semana (agás festivos)
12/04/19	585	Conceder o servizo municipal de axuda no fogar.	J. P. C.	Cinco horas á semana (agás festivos).
12/04/19	586	Conceder o servizo municipal de axuda no fogar.	C. L. R.	Cinco horas á semana (agás festivos).
12/04/19	587	Conceder o servizo de Teleasistencia domiciliaria.	M. N. D.	
12/04/19	588	Conceder o servizo municipal	M. N. D.	Dúas horas á semana (agás festivos).

		de axuda no fogar.		
12/04/19	589	Conceder o servizo municipal de axuda no fogar.	A. V. P.	Cinco horas á semana (agás festivos).
12/04/19	590	Conceder o servizo municipal de axuda no fogar. Conceder o Xantar na Casa.	A. P. P. e J. M. V.	Dúas horas á semana (agás festivos). Sete días á semana.
15/04/19	607	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	G. C. M. e C. M. G.	Unha hora á semana (agás festivos)

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
04/04/19	503	Conceder unha axuda económica.	J.A.M.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro 2019 (300€), febreiro 2019(300€), marzo 2019 (300€), abril 2019 (175€)	1.075,00 €
04/04/19	504	Conceder unha axuda económica	A.G.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro 2019 (260€), febreiro 2019 (260€), marzo 2019 (260€) e abril 2019 (234,03€). Pago de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018, que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor.	1014,03€ 61,65€
04/04/19	505	Conceder unha axuda económica.	T.C.V.	Bono de alimentos tipo B, durante seis meses e cunha entrega mensual.	
04/04/19	506	Conceder unha axuda económica.	A.F.P.	Pago dos recibos de auga correspondentes ao 2º trimestre de 2018 (90,93€), 3º trimestre do 2018 (92,61€) e reconexión do suministro (24,20€) que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor.	207,74 €

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

04/04/19	507	Conceder unha axuda económica.	A.V.C.	Pago de aluguer ou hipoteca , correspondente aos meses de xaneiro a maio 2019 de 200€/mes e xuño 2019 75€, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
04/04/19	508	Conceder unha axuda económica.	Y.C.P.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2019 310€/mes e en abril 2019 145€ que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
04/04/19	509	Conceder unha axuda económica.	E.J.R.CH	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2018 380€, xaneiro de 2018 380€ e febreiro de 2019 315€,que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
04/04/19	524	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	A.G.B.	Pago do recibo da comunidade correspondente os meses de xaneiro a febreiro de 2018, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	50,00 €
04/04/19	525	Corrección de erros.	M.I.M.L.	Corrixir o erro detectado na resolución n 381 de data 12/03/2019 no sentido de onde di: "que lle será aboada mediante folia de pedido ao proveedor" debe dicir "que lle será aboada mediante talón bancario nominativo".	
12/04/19	592	Conceder unha axuda económica.	A. A. B. J.	Pago de aluguer, correspondendo 375 € os meses de marzo e abril de 2019.	1.075,68 €
12/04/19	593	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. M.	Recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2019. Recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 17 de febreiro de	57,36 € 12,85 €

1. AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

*****Voluntariado:***

Curso de Iniciación ao Voluntariado

O venres 26 de abril, en horario de 10:00 a 13:00 horas na Aula 2 da Sala Municipal de Actividades Pintora María Cagiao, en Vilaboa, terá lugar un curso de iniciación ao voluntariado co obxecto de formar as persoas voluntarias acreditadas e en activo da Oficina Municipal do Voluntariado do Concello de Culleredo (OMVOL) e tamén ao voluntariado de nova incorporación.

Trataráanse aspectos esenciais do voluntariado e habilidades básicas para o comezo da súa labor no eido do voluntariado municipal nas distintas áreas e espazos de voluntariado social, mediambiental, deportivo, educativo, cultural... e para un desenvolvemento axeitado en dereitos e deberes da acción voluntaria.

Os destinatarios do curso serán os voluntarios e voluntarias que formalicen a súa inscrición antes do venres 26 de abril."

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

A) ACTIVIDADE: Eu non son cómplice: campaña contra o acoso escolar.

Programa: Educación para a convivencia. Plan municipal contra o absentismo escolar (actividade realizada conxuntamente coa Concellería de Benestar e Igualdade e coa de Seguridade).

Datas: 23, 24, 25, 26 de abril.

Horario: de 11:10 a 11:50 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 5º de EP.

Nº participantes: 62 x 2 sesións.

Lugar: Aula.

B) ACTIVIDADE: Contacontos coa Dragóna Ramona. Día do libro.

Programa: Educación para o fomento da lectoescritura.

Data: 23 e 24 de abril.

Horario: ás 10:00 h.

Colexios participantes: CRA Culleredo e El A Tartaruga.

Curso: El.

Nº participantes: 65.

Lugar: Aulas.

C) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.

Datas: 25 de abril (9ª sesión).

Horario: de 09:50 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP Vila de Rutis.

Curso: 3º- 4º EP.

Nº participantes: 16 + persoas maiores colaboradoras.

Lugar: Aula.

D) ACTIVIDADE: Roteiro guiado polos hortos municipais.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 23, 24, 25 e 26 de abril.

Horario: de 10:00 a 13:30 h.

Centros participantes: CEIP Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 2º EP.

Nº participantes: 275.

Lugar: Aula de Batureza e Xardín Botánico.

OUTROS PROGRAMAS

Mañás de campamento: campamentos que concilian 2019

DATAS de SOLICITUDE DE PRAZA: do 22 de abril ao 3 de maio ambos incluídos.

PUBLICACIÓN LISTAXE ADMITIDOS/AS: 20 de maio.

MATRÍCULA: do 21 ao 31 de maio.

DESENVOLVEMENTO DOS CAMPAMENTOS: do 25 de xuño ao 30 de agosto.

MODALIDADE DE CAMPAMENTO A ELIXIR: de 2 semanas, de tres ou de cinco.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS A ESCOLLER: sen xantar nen almorzo; con xantar; con almorzo e con almorzo e xantar.

HORARIO: de 7:45 a 15:30 con servizos complementarios ou de 9:00 a 14:00 sen servizos.

LUGAR: CEIP Vila de Rutis e CEIP Sofía Casanova.

IDADES: nenos e nenas de 3 a 12 anos e matriculados en EI ou EP.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 23 DE ABRIL

Hall do andar C do Conservatorio de Música de Culleredo. 19:30 h:

Concerto Exprés, con alumnos/as da optativa de Jazz. Entrada libre.

MÉRCORES 24 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Obradoiro de creación de ramas literarias.

De 7 a 12 anos, previa inscrición na mesma semana.

XOVES 25 DE ABRIL

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.30 h:

Cullencontro en 44:05. Charla de Planeiros. Entrada libre.

VENRES 26 DE ABRIL

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.30 h:

Concurso BSO organizado pola ANPA do Conservatorio. Entrada libre.

VENRES 26 DE ABRIL

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *A noite das mudanzas*.

A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 26 DE ABRIL

Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Inauguración da exposición de Francisco García Ibarra.

Ata o 25 de maio."

Código do documento	Código do expediente
USG13I00EG	USG/2019/60
Código de Verificación Electrónica (COVE)  226G 300W 352M 6Q45 0BXM	

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H